

NADAL É...

Que é o Nadal para vós
compoñede unha poesía,
si, farémola con moito amor,
respostou rápido Uxía.
Alejandro di: Nadal é frío,
non, é calor , fala Daniel;
son regalos, oh, agasallos,
contradí a todos Manuel.
Adorar ao neno no portal
berran á vez Johan e Miguel,
mais Tatiana e Cristina engaden
para levarlle doces, turrón e mel.
Eu diría que é calor de fogar
di Marta con gran ledicia
mentres Miguel Anxo e Iván
pensan que é estar en familia.
Andrea di, son luces de cores
pero, vaía, corríxea Lucía
Nadal é época de ilusión
e vacacións, di Ánxela e alegría.
Velaquí unha fermosa cantiga
compuxemos xuntos, profesor,
vese que os de quinto pensamos
que o **Nadal é paz e amor .**

Ánxela J. V., 5º B, CEIP de Monforte de Lemos.